

Agrupación Deportiva O Silbato



MEMORIA

VII TORNEO NACIONAL DE ÁRBITROS DE FÚTBOL

A CORUÑA, 18 DE XUÑO DE 2016



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



FEDERACIÓN GALEGA
DE FÚTBOL
Comité Técnico de Árbitros



HOTEL RIAZOR
A CORUÑA



Saunier Duval

BOAVISTA
- restaurante -

mar del plata
HOTEL



CARTEL



PRESENTACIÓN

A Agrupación Deportiva O Silbato leva traballando durante moitos anos en favor do colectivo arbitral de fútbol da nosa cidade e acolle no seu seno a case cento trinta árbitros pertencentes á Delegación de Árbitros da Coruña, de Boiro, Viveiro ou Pontevedra, pertencentes todas elas ó Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol (CTGAF), que a súa vez forma parte da Federación Galega de Fútbol (FGF).

Fundada no ano 1989, pasou por numerosas visicitudes, pero hoxe en día está máis fortalecida que nunca, pois ademáis de ser a agrupación deportiva de árbitros máis antiga de Galicia, é todo un referente na realización de actividades deportivas, recreativas e culturais ó longo de todo o ano e dirixidas aos socios.

Entre as actividades que organiza a Agrupación Deportiva O Silbato, destaca sen lugar a dúbidas, o Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol, que organiza cada ano na época de verán e que botou a andar no ano 2010 coa primeria edición. Éste é un torneo que congrega en cada edición máis de douscentos árbitros, pois ademáis de participar as principais delegacions arbitrais de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Santiago, Boiro) sempre contou coa presenza de equipos do resto de España como de Castelá León, Principado de Asturias, Cantabria, Baleares, e mesmo este ano cun representante das Illas Canarias.

O Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol é todo un referente nacional, pois ten a honra de ser o único que se disputa de forma anual e continuada. O equipo que máis laureado do noso torneo é ata o de agora Ourense, xa que gañou as dúas primeiras edicións. Na terceira impuxose Palma de Mallorca, mentres que a cuarta e a quinta edición tivo como gañadores a Pontevedra e a Coruña Futsal respectivamente. Este ano, e tras repetirse a final do ano anterior, Vigo conseguiu proclamarse vencedor do VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

Unión, compañerismo, solidaridade, amizade, respecto, son algúns dos valores que a Agrupación Deportiva O Silbato inculca a todos os seus membros no día a día. Ademáis de todas as actividades que leva a cabo a Agrupación, a entidade organiza cada fin de temporada unha Gala na que premia a todos os colexiados que acadaron o ascenso de categoría e os que se proclamaron champions en alguna das distintas modalidades deportivas que organiza a Agrupación, como o torneo de pádel, de dardos, de volley playa, de tute, de tenis de mesa, de fútbolín, etc...

Salamanca/Cantabria, Campión do VII Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol

O VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol concluiu o sábado 18 de Xuño de 2016, cun novo campión, Salamanca/Cantabria, que conseguiu resarcirse da derrota sufrida o ano anterior na final, proclamándose campión ó doblugar a A Coruña "A" nos penaltis despois do empate final 2-2(0-2).

A xornada trascorreu sen lesionados e cun bo ambiente entre as máis de dúascentas vinte persoas que ateigaban as instalacións da Cidade Deportiva da Torre.

O torneo disputouse en un formato de liguillas para posteriormente pasar ás fases finais, dende cuartos de final ata a esperadísima final.

A fase de liguillas dividiuse en 3 grupos o A de 6 equipos e B e C de 5, donde todos se enfrentaban contra todos a unha soa volta, pasando ás fases finais os 3 primeiros clasificados do grupo A e os dous primeiros e o millor terceiro de B e C.

No grupo A, O Silbato A e Coruña Futsal fixeron honra a súa condición de favoritos e dominaron o grupo, e xunto co xovencísimo equipo de Boiro conseguiron o pase aos cuartos de final.

No grupo B, Oviedo e Valladolid A conseguiron o pase directo a cuartos de final, mentras que no C, a selección de Salamanca-Cantabria e Lugo facían o propio. Na pugna por ser o mellor terceiro de estos dous grupos, Ferrol A terminou por deixar fora a O Silbato C por tan só un punto.

O Silbato A, Valladolid A e a selección Cántabro-Salmantina dominaron sen problemas os seus partidos de cuartos, sobre todo O Silbato A . A Lugo tocoulle sufrir pero conseguiu o seu pase a semifinais gañando 4-5 na tanda de penaltis a Coruña Futsal que fai 2 anos conseguiu levar o trofeo a casa e o pasado ano foi segundo.

Os enfrontamentos nas semifinais foron O Silbato A – Valladolid A e Salamanca/Cantabria-Lugo.

Na primeira das semifinais enfrontaba a O Silbato A e Valladolid A, dous dos teóricos favoritos. Pero O Silbato A, doblagou sen problemas a Valladolid conseguindo por primeira vez na historia o pase á final do seu torneo.

Na outra semifinal a cousa estivo máis igualada. Lugo e Salamanca-Cantabria disputaron unha semifinal vibrante, e co resultado final de 1-1 chegouse a quenda de penaltis. Fixeron falta 9 lanzamentos por equipo para resolver o empate, e o máis atinado dende o punto penal foi Salamanca-Cantabria, apeando así a Lugo do torneo.

A finalísima do torneo presentabase moi igualada. Por un lado O Silbato A que tan só cedeu un empate ao longo de todo o torneo, e por outro a gran sensación do torneo, a selección cántabro-salmantina. O partido foi vibrante, e na primeira metade

ningun dos equipos conseguiu perforar a portería contraria. Xa na segunda metade, Salamanca-Cantabria foron os primeiros en adiantarse no marcador, pero rápidamente O Silbato conseguiría a igualada. Estaban sendo os mellores minutos de O Silbato A, e fruto deste bon xogo, aos poucos minutos de conseguir a igualada, de novo conseguían anotar outro tanto que parecía resultar definitivo. Sen embargo, Salamanca-Cantabria conseguía a igualada, chegando así ao final do partido. O conxunto cántabro-salmantino impoñíase a O Silbato por 0-2 na quenda de penaltis, proclamándose así campións do VII Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

A xornada rematou coa cea de clausura e a entrega de trofeos no Restaurante Boavista, onde se puxo o broche de ouro o VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

RESULTADOS

- **Grupos:**

Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3
O Silbato "A"	Valladolid "A"	Salamanca-Cantabria
Coruña Futsal	Oviedo	Valladolid "B"
O Silbato "D"	Ferrol "A"	Pontevedra "A"
Boiro	Pontevedra "B"	Lugo
Ourense	O Silbato "B"	O Silbato "C"
Ferrol "B"		

- **Resultados Fase Previa:**

Equipo	Resultado	Equipo
Boiro	0 - 0	O Silbato B
Ferrol B	0 - 1	Coruña Futsal
O Silbato A	2 - 0	Ourense
Coruña Futsal	0 - 0	O Silbato D
O Silbato A	3 - 1	Ferrol B
Ourense	1 - 1	O Silbato D
Boiro	1 - 0	Ourense
Coruña Futsal	0 - 0	O Silbato A
Ferrol B	0 - 1	Boiro
O Silbato A	2 - 0	O Silbato D
Boiro	0 - 1	Coruña Futsal
Ourense	1 - 1	Ferrol B
O Silbato A	5 - 1	Boiro
Ferrol B	3 - 2	O Silbato D
Coruña Futsal	1 - 0	Ourense

Equipo	Resultado	Equipo
O Silbato B	0 - 1	Oviedo
Ferrol A	2 - 2	Valladolid A
Ferrol A	0 - 1	Oviedo
Valladolid A	3 - 1	Pontevedra B
Oviedo	2 - 0	Pontevedra B
O Silbato B	0 - 2	Ferrol A
Valladolid A	2 - 1	Oviedo
Pontevedra B	2 - 1	O Silbato B
Ferrol A	2 - 1	Pontevedra B
O Silbato B	0 - 3	Valladolid A

Equipo	Resultado	Equipo
Valladolid B	0 - 6	O Silbato C
Lugo	0 - 1	Salamanca-Cantabria
Lugo	2 - 0	O Silbato C
Pontevedra A	3 - 1	Valladolid B
Lugo	1 - 0	Pontevedra A
Salamanca-Cantabria	2 - 0	O Silbato C
Pontevedra A	1 - 1	Salamanca-Cantabria
Lugo	4 - 0	Valladolid B
Salamanca-Cantabria	3 - 0	Valladolid B
O Silbato C	2 - 0	Pontevedra A

- Resultados de Cuartos de Final:**

Equipo	Resultado	Equipo
O Silbato A	2 - 0	Ferrol A
Boiro	1 - 3	Valladolid A
Lugo	1 - 1 (5 - 4)	Coruña Futsal
Oviedo	0 - 3	Salamanca-Cantabria

- Resultados Semifinais:**

Equipo	Resultado	Equipo
O Silbato A	3 - 0	Valladolid A
Salamanca-Cantabria	1 – 1 (9 – 8)	Lugo

• **Resultado Final e Tercer e Cuarto Posto:**

Equipo	Resultado	Equipo
O Silbato A	2 – 2(0 – 2)	Salamanca-Cantabria
Valladolid A		Lugo

CADRO DE HONRA	
CAMPIÓN	Salamanca-Cantabria
SUBCAMPIÓN	O Silbato A
TERCEIRO CLASIFICADO	Lugo

Salamanca-Cantabria celebrando o título



EQUIPOS PARTICIPANTES



O Silbato “A”



A Coruña “B”



A Coruña “C”



A Coruña “D”



A Coruña Futsal



Vigo “A”



Oviedo



Ferrol "A"



Ferrol "B"



Ourense



Valladolid "A"



Valladolid "B"



Salamanca-Cantabria



Lugo



Oviedo



Boiro

AMBIENTE



CEA DE CLAUSURA E ENTREGA DE TROFEOS

